



AS DÚAS CABEZAS



Saíron para Barcelona. Cando chegaron só quedaban 6 horas para que se cumprira o prazo. Foron ao hotel de concentración do Barcelona. Despois dunha loita cos de seguridade conseguiron falar con Ronaldinho. Sorprendentemente el sabía falar galego

- Ola que facedes por aquí? Non tedes clase?

- Si, ben, é unha historia moi longa. Ímoscha contar resumida

Contáronlle toda a historia e por fin chegaron ata o secuestro

- Ben, pois pedíronnos 600.000 mil euros de rescate e non tiñamos a quen recorrer. Só podíamos acudir a ti

- Está ben daréivolos, total eu gaño iso nun día

Pero irei con vós para ver se damos pillado o secuestrador

Foron para Melide no avión privado de Ronaldinho. Por fin cumpríuse o prazo das 24 horas. Foron cara ao instituto. Ronaldinho escondeuse.

De pronto unha voz moi

familiar dixo

- Deixade os cartos na porta principal e ídevos. Despois xa vos devolverei a Diero.

As supernenas fixeron o que lle pediron. Cando o secuestrador ía coller o diñeiro Ronaldinho abalanzouse sobre el.

De súpeto sóbouse que o secuestrador era o propio Diero.

- Todo saíu mal. Xa non terei o diñeiro para levar para o meu planeta

- Fixéchelo por iso. Por que non nos pediches axuda?

- Non quería darvos pena

- E para iso organizas este espectáculo

- Perdón, non quería asustarvos. Só quería conseguir diñeiro, para iso viñen. Explíqueilles a situación aos profesores, e decidiron axudarme. Pero a súa axuda tardaba moito e tiven que facer isto.

De súpeto empezou a falar Ronaldinho

- Ben toma o diñeiro para o teu planeta eu non o necesito

- Non podo aceptar, despois da que organiciei

- Lévaos, foi por unha boa causa

- Ben está ben. A verdade é que o necesitamos.

- Ben, ao final todo acabou ben.

- Teño que marchar, estanme agardando

Diero despediuse de todos e, marchou na súa nave. Ronaldinho volveu para Barcelona e as supernenas continuaron coa súa vida no instituto.

Unha noite, un grupo de estudantes foron explorar o monte da súa vila; elixiron ir de noite porque lles parecía máis interesante.

Cando xa levaban andando un tempo, Lola, unha rapaza do grupo, descubriu unha cabana e chamou aos compañeiros. Ao xuntarse todos,

acenderon as lanternas e decidiron entrar na cabana. Entraron e estaba todo cheo de teas de araña. Ao fondo viron un montón de caixas e tiñan intriga por saber que había, e foron abrillas. Dentro atoparon as cabezas de dúas persoas; había unha frase escrita: "O que as toque, converterase en algo tremebundo". Un dos rapaces tocouna e converteuse nunha momia. Todos colleron medo e decidiron marchar daquel lugar o máis rápido posible.

I VAN COMBO LÓPEZ, S1D

